



ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA SOBRE A COMPENSACIÓN ECONÓMICA POLA ASISTENCIA LETRADA GRATUÍTA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obterem a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementase co disposto no artigo 119 da carta magna, onde se establece que *a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei, e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar*. En observancia deste básico dereito fundamental, no noso ordenamento xurídico existe regulamentado un sistema de compensación económica, a cargo dos poderes públicos, pola asistencia e representación xurídicas.

Polo que atinxe a esta materia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe plenas competencias, xa que a través do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, fóronlle transferidos pola Administración do Estado os medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, entre os que se atopa o aboamento da compensación económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

ANTECEDENTES:

En base as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, aprobouse o Decreto 269/2008, de 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle no seu artigo 39 que *“(...) a consellería competente en materia de xustiza establecerá anualmente, logo da consulta aos colexios de avogados e aos colexios de procuradores e á Consellería de Economía e*





Facenda da Xunta de Galicia os módulos e bases da compensación, con cargo ós fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa y representación gratuítas.”

O 24 de setembro de 2003 asinou o primeiro acordo co Consello da Avogacía Galega sobre a compensación económica pola Asistencia Xurídica Galega, establecendo as cantidades que foron actualizadas sucesivamente polo IPC ata o ano 2008, ano no que se debía negociar un novo acordo pero, ante a imposibilidade de acadalo, estableceuse a prórroga do baremo coas cantidades de compensación económica que rexeran durante o 2008.

Logo de se manteren ata o ano 2017 as cantidades indemnizadoras pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas, cantidades recolleitas no baremo que individualiza cada prestación da quenda de oficio, nos orzamentos da Xunta de Galicia para esta materia estableceuse un incremento global dun 10% coa finalidade de actualizar as ditas cantidades, e introducíronse así mesmo outros conceptos ata o de agora non recolleitos.

Polas razóns anteditas iniciouse un proceso de consultas entre o Consello da Avogacía Galega e a Xunta de Galicia con base no antedito artigo 39 do Regulamento de asistencia xurídica gratuítas da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece o procedemento de actualización dos módulos e bases de compensación, con cargo aos fondos públicos, pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas, logo de consulta aos colexios profesionais de avogados.

FINALIDADE:

Froito das ditas negociacións é o acordo que se pretende asinar, e que entrará en vigor no último trimestre de 2017, xa que a tramitación dos pagamentos aos colexios para indemnizar pola prestación dos servizos de asistencia letrada e defensa gratuítas levados a cabo por avogados se realiza a trimestre vencido tras a xustificación daqueles, de modo que a anualidade económica para os efectos do acordo é a comprendida polo último trimestre dun ano e os tres primeiros trimestres do ano seguinte, de modo que o horizonte temporal comprende catro destas anualidades.





Así, o acordo acolle nos dous primeiros anos de vixencia a suba que reflicte o anexo, para logo, a partir do 1 de outubro de 2019, actualizarse as cantidades mediante a aplicación da variación do índice galego de prezos ao consumo (IPC) do ano anterior. Deste xeito, revisárase co IPC galego o baremo vixente para as outras dúas anualidades económicas, comprendidas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2021.

Por último, durante o ano 2021 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza abrirá un novo proceso de consultas coa avogacía, a través das súas institucións colexiais, para revisar o baremo de compensación económica que estea vixente no último exercicio económico, o comprendido entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

FINANCIAMENTO:

O Decreto 269/2008, de 6 de novembro, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xullo, establece, no capítulo VI, o procedemento de compensación económica pola prestación de servizos de asistencia xurídica gratuíta.

En concreto, o artigo 38 establece:

"1. A consellería competente en materia de xustiza, con cargo ás súas dotacións orzamentarias, compensará economicamente as actuacións profesionais correspondentes á asistencia letrada á persoa detida e mais a defensa e representación gratuítas cando exista recoñecemento expreso do dereito á asistencia xurídica gratuíta efectuado nos termos recollidos neste regulamento.

2. A devandita achega económica realizarase a través dos colexios de avogados e dos colexios de procuradores.

3. Os libramentos para compensar economicamente as actuacións profesionais en asistencia letrada ao detido e a defensa e representación gratuítas efectuaranse trimestralmente. "





E ou artigo 44, que regula o procedemento de aplicación da compensación económica, determina:

"1. Dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre, os colexios de avogados e os colexios de procuradores da Comunidade Autónoma de Galicia remitiranlle á Dirección Xeral de Xustiza unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos profesionais durante ese período nas cales exista recoñecemento expreso do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así como os datos relativos ás actuacións realizadas en períodos anteriores cuxo recoñecemento expreso do dereito á asistencia xurídica gratuíta tiverse lugar durante este último trimestre, especificando:

a) A relación detallada das quendas de garda ou, se procede, das asistencias letradas á persoa detida efectuadas por cada letrado, con indicación dos datos seguintes: día de actuación, número de atestado ou telefonema, centro de detención, nome das persoas detidas, tipo de delito, importe do custo asociado en función dos módulos e bases de compensación económica previstos no artigo 39 deste regulamento, con indicación do número do expediente dado polo Servizo de Orientación Xurídica, do número do expediente dado pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta e da data de resolución do recoñecemento do dereito.

b) A relación detallada dos asuntos de xustiza gratuíta asumidos por cada profesional, con indicación do número do expediente dado pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, número do expediente dado polo Servizo de Orientación Xurídica, nome da persoa beneficiaria, tipo e número de procedemento, órgano xudicial, importe do custo asociado en función dos módulos e bases de compensación económica previstos no artigo 39 deste regulamento e data de resolución do recoñecemento do dereito.

c) A relación separada das renuncias dos profesionais á percepción de honorarios e dereitos.





d) A relación das renuncias das persoas interesadas ás designacións efectuadas.

As certificacións deberán ser expedidas polo secretario co visto e prace do decano de cada colexio, de conformidade co previsto nas disposicións que se diten en desenvolvemento e aplicación deste regulamento..

2. As devanditas certificacións deixarán constancia, así mesmo, dos reintegros que, de ser o caso, proceda efectuar de fondos públicos previamente recibidos, de conformidade co disposto no artigo 43 deste regulamento.

3. En función das devanditas certificacións, a consellería competente en materia de xustiza efectuará, a continuación, os libramentos trimestrais que correspondan, sen prexuízo das posteriores regularizacións que procedan, unha vez cumprida na súa totalidade a xustificación anual regulada no capítulo seguinte.

4. Os colexios profesionais, como entidades colaboradoras para a distribución das compensacións económicas, están suxeitos ás regras e obrigas establecidas no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

En definitiva, o procedemento establece o réxime de libramentos dos fondos públicos vinculando o seu pagamento á certificación, expedida polo secretario co visto e prace do decano, emitida no mes natural seguinte ao do trimestre inmediatamente anterior. Para facer efectivos estes libramentos de fondos a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publica as correspondentes Ordes que aproban o baremo para o período de referencia e fan a correspondente reserva de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.1 dos orzamentos anuais de gastos, dotada con crédito axeitado e dabondo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do acordo para articular as actuacións de referencia, quedando o dito acordo fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza



3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

O Director Xeral

Juan José Martín Álvarez

